

## **Regras e procedementos vixentes para a eliminación de documentos.**

A Deputación Provincial da Coruña participa no Grupo de Traballo da Administración Local que reúne a Xunta de Galicia dúas veces ao ano, encargado de presentar e discutir estudos para elevar ao Consello de Avaliación Documental de Galicia.

### Normativa:

- Lei 7/2014, de 25 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, na que se regula a protección, conservación e difusión do patrimonio documental de interese para Galicia e a organización, funcionamento, acceso e difusión do contido dos arquivos de intereses para Galicia e do Sistema de Arquivos de Galicia. <https://www.boe.es/buscar/pdf/2014/BOE-A-2014-10825-consolidado.pdf>

- Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos (DOGA nº 34 do 19/02/2016)  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160219/AnuncioG0164-150216-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160219/AnuncioG0164-150216-0001_gl.html)

O obxecto deste Decreto é, ademais da regulación da composición e do funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia, estipular normas para o procedemento de avaliación, selección e eliminación de documentos no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia, de conformidade co sinalado nos artigos 34 e 19.2 da Lei 7/2014, do 25 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

- Resolución do 18 de abril de 2017, da Secretaría Xeral de Cultura, pola que se aproban e se fan públicos os criterios de avaliación para a selección, transferencia da custodia e acceso aos documentos, así como o formulario

normalizado para a elaboración dos estudos de identificación e avaliación de series documentais propostos polo Consello de Avaliación documental de Galicia na sesión do 15 de marzo de 2017 (DOGA nº 90 do 11/05/2017)  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170511/AnuncioG0164-280417-0003\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170511/AnuncioG0164-280417-0003_gl.html)

- Orde do 10 de xaneiro de 2018 pola que se aproban as táboas de avaliación documental de determinadas series documentais do patrimonio documental de Galicia. (DOGA nº 23 do 01/02/2018)  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180201/AnuncioG0164-230118-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180201/AnuncioG0164-230118-0001_gl.html)

- Ordenanza da administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 56 de data 23/03/2016)  
[http://bop.dicoruna.es/boppportal/publicado/2016/03/23/2016\\_0000002018.pdf](http://bop.dicoruna.es/boppportal/publicado/2016/03/23/2016_0000002018.pdf)